Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

ACTA NÚM. 9/2026.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2026.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 6 de novembro de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:
-. PSG-PSOE:
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
MARTA ROMERO GARCÍA.

Non asisten:
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

2º) APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Dáse conta da mesma pola necesidade de tramitar a modificación da ordenanza fiscal para que poida entrar en vigor o día 1 de xaneiro de 2027, por mor do cumprimento dos prazos legalmente establecidos.

CVD: A6tYmzYSPikkrASNNZie Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o BNG vaise abster por motivos laborais e que só o 10% dos concellos da provincia convocan plenos urxentes, aínda que somos o único grupo que asistimos todos, e nós non poñemos en dúbida o traballo dos funcionarios, a paciencia que teñen que ter; nós non vimos só para levantar a man, porque representamos aos veciños e que a documentación a tivemos que vir a ver ao Concello, é unha falta de respecto institucional como fixeron co orzamento, e nunca tivemos en trece anos un Pleno convocado dun día para outro, porqué non se avisou o día do Pleno das mesas?, porqué non se fai ás 8 da noite?, porque temos que conciliar; somos representantes públicos e é unha falta de respecto pola convocatoria do Pleno e pola falta de xestión, imos abstermos.

O Pleno con sete votos a favor pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5) e PP (2), e tres abstencións do grupo municipal do BNG (3), acorda ratificar a urxencia.

2º) APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 04.11.2026, que transcrita di:

Visto que a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana desde Concello é a publicada no BOP da Coruña do 24.12.2009, coas modificacións publicadas nos BOP da Coruña do 11.12.2019 e 30.12.2025.

Resultando que analizados os importes previstos no epígrafe 12: Locais, Concepto 1207 fábricas, talleres de reparación de automóbiles, aserradeiros e grandes almacéns:

- 120700.00 De menos de 100 m2_____ 258,35 €
- 120700.01 Entre 100 m2 e 200 m2_____ 387,54 €
- 120700.02 Entre 200 m2 e 300 m2_____ 516,74 €
- 120700.03 Entre 300 m2 e 400 m2_____ 645,89 €
- 120701 Entre 400 m2 e 500 m2_____ 1.033,44 €
- 120702 Entre 500 m2 e 600 m2_____ 2.066,95 €
- 120703 Entre 600 m2 e 1000 m2_____ 3.775,49 €
- 120704 Máis de 1000 m2 _____ 7.526,02 €

apreciouse a conveniencia de revisar á baixa as contías fixadas nos devanditos apartados, co fin de adaptalas á realidade socioeconómica actual e evitar que supoñan cargas desproporcionadas para os obrigados tributarios, garantindo en todo momento a proporcionalidade e razonabilidade da exacción municipal.

Considerando que o artigo 24 e seguintes da Lei reguladora das facendas locais establecen os principios de suficiencia e de equivalencia, determinando que o importe das taxas non poderá superar, en conxunto, o custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate.

CVD: A6tYmzYSPikkrASNNZie Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Considerando que para a aprobación inicial da referida Ordenanza Fiscal xa se elaborou no seu día o correspondente informe económico-financeiro preceptivo que xustificou que o conxunto dos custos dos servizos de hixiene urbana quedaba cuberto e que os importes fixados non superaban devanditos custos.

Considerando que o técnico redactor do dito informe económico-financeiro emitiu novo informe en data 02.11.2026 onde conclúe que, a data actual, non se atopan diferencias significativas coas recollidas no informe de 7 de novembro de 2025, considerándose plenamente vixente para 2026.

Considerando que a modificación que agora se promove consiste estritamente nunha diminución (rebaixa) dos importes dos apartados afectados e adaptación da superficie, e vistos o informe económico-financeiro sobre custos e ingresos pola prestación do servizo que consta no expediente e o informe conxunto de secretaría e intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, publicada no BOP do 24.12.2009, e modificacións posteriores publicadas no BOP do 11.12.2019 e 30.12.2025, nos seguintes termos:

a) Eliminación dos seguintes epígrafes:

- 120703 Entre 600 m2 e 1000 m2_____ 3.775,49 €

- 120704 Máis de 1000 m2 _____ 7.526,02 €

b) Modificación das superficies dos seguintes epígrafes:

- 120701 Entre 400 m2 e 1.000 m2 _____ 1.033,44 €

- 120702 Máis de 1.000 m2 _____ 2.066,95 €

En consecuencia, o epígrafe 12: Locais, Concepto 1207 fábricas, talleres de reparación de automóbiles, aserradeiros e grandes almacéns, queda redactado nos seguintes termos:

- 120700.00 De menos de 100 m2_____ 258,35 €

- 120700.01 Entre 100 m2 e 200 m2_____ 387,54 €

- 120700.02 Entre 200 m2 e 300 m2_____ 516,74 €

- 120700.03 Entre 300 m2 e 400 m2_____ 645,89 €

- 120701 Entre 400 m2 e 1.000 m2 _____ 1.033,44 €

- 120702 Máis de 1.000 m2 _____ 2.066,95 €

CVD: A6tYmzYSPikkrASNNZie Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2027, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:
Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 7, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5) e PP (2).
Votos en contra: 0.
Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).
Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e dezaoito minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González.

CVD: A6tYmzYSPikkrASNNZie Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/